

Manifesto pola Xornada Mundial polo Traballo Decente 2025

De novo, neste 7 de outubro, as organizacións que promovemos a iniciativa Igrexa polo Traballo Decente (ITD) unímonos a millóns de traballadores e traballadoras en todo o mundo para conmemorar a Xornada Mundial polo Traballo Decente. Unha xornada que nos convoca a reivindicar o esencial: o traballo decente é un dereito irrenunciable, nunca un privilexio.

Resulta doloroso constatar que, en pleno 2025, tras décadas de loitas obreiras e sociais, aínda teñamos que alzar a voz para reclamar condicións laborais fundamentais: un salario xusto, contornas de traballo seguro e saudable, respecto aos horarios e ao descanso, así como a igualdade de trato, sen distincións por razón de xénero, orixe ou situación administrativa. Apelamos á continuidade do diálogo entre todos os axentes implicados na mellora das condicións de traballo ata alcanzar o traballo decente.

O traballo que se xera hoxe non sempre é camiño de inclusión. Mocidade, mulleres, familias con menores a cargo e persoas migrantes enfrontan cada vez maiores riscos de pobreza e exclusión social, incluso traballando. Fronte a esta inxustiza, lembramos as palabras do papa Francisco ao comezo do Xubileu 2025, cando nos chamou a manter viva a esperanza: unha *esperanza activa*, que non se resigna nin abandona, senón que se organiza, denuncia e constrúe alternativas.

Coincidindo co ano do Xubileu da esperanza, queremos poñer o foco nunha das situacións máis sangrentas do noso mundo do traballo: a das persoas traballadoras migrantes. Resulta imprescindible lembrar que, segundo o Banco Central Europeo, as persoas traballadoras migrantes foron responsables do 80% do crecemento económico de España no último lustro. Aínda que só representan o 13,6% do emprego, protagonizaron máis do 40% dos novos postos de traballo creados no último ano. Esta achega, con todo, non se corresponde co seu recoñecemento social nin coa calidade do emprego que ocupan, marcado moitas veces pola precariedade. A achega das persoas migrantes debe ser recoñecida e dignificada. Sen embargo estase a normalizar o racismo e a aporofobia contra as persoas migrantes, especialmente menores, dando lugar a episodios tan lamentables como o recente ataque ó centro de menores estranxeiros de Monforte de Lemos.

Neste sentido, convén lembrar que o 9 de abril de 2024, o Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta a toma en consideración da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para unha regularización extraordinaria de persoas migrantes. Más dun ano despois, o proceso segue paralizado, condenando á invisibilidade e á economía mergullada por centos de miles de persoas que buscan sobrevivir con dignidade.

As persoas que vivimos neste país, nacésemos aquí ou non, temos dereito a un traballo decente: aquel que expresa a dignidade de toda persoa, é libremente elixido, contribúe ao desenvolvemento comunitario, garante o respecto sen discriminación, permite soste a familia, recoñece o dereito de organización e expresión, favorece o equilibrio persoal e espiritual, e asegura condicións xustas na xubilación (Cfr. *Caritas in veritate*). Un traballo que dignifica, que integra, que permite coidarnos como irmáns e irmás, e que permite soste a vida esperanzada e compartida. **Reclamamos xustiza. Reclamamos humanidade. Reclamamos traballo decente: Dereito, non privilexio.**